



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 24 DE AGOSTO DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e catro de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Augusto Rey Moreno reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, don Jesús Bao Bouzas, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 17 de agosto de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Escrito de don Juan María Abalo Castex, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada con data do día 22 de agosto de 2015 co número 2/1635, no que comunica que estará ausente do termo municipal durante 25 días a contar dende o día 22 do mes que andamos.
- Anuncio do Concello de Cambre, da apertura do prazo de información pública da ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público. (Boletín Oficial da Provincia número 160 do día 24 de agosto de 2015).
- Resolución do 17 de agosto de 2015, do Instituto Enerxético de Galicia, sobre ampliación dos prazos establecidos nos artigos 2 e 21 da Resolución do 18 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións de aforro e eficiencia enerxética para proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia (ILE) e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (Diario Oficial de Galicia número 60, do 30 de marzo). (Diario Oficial de Galicia número 160, do día 24 de agosto de 2015).
- Escrito de don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de Asemblea Cidadá de Cambre-Son, rexistrado de entrada con data do día 20 de agosto de 2015 co número 0/7294, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 20 ao 25 de agosto de 2015.

- Orde do 12 de agosto de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 158, do 20 de agosto de 2015).

- Resolución do 10 de agosto de 2015, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convoca o curso de administración electrónica e arquivo electrónico administrativo. (Diario Oficial de Galicia número 158, do 20 de agosto de 2015).

- Orde do 12 de agosto de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a promoción do emprego autónomo das persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 157, do 19 de agosto de 2015).

- Orde do 12 de agosto de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 157, do 19 de agosto de 2015).

- Orde HAP/1700/2015, de 3 de agosto, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se aproban as bases e convocatoria 2015 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para cofinanciar actuacións de administración electrónica e de cidadáns en rede, durante o período de intervención 2007-2013. (Boletín Oficial do Estado número 191, do 11 de agosto de 2015).

### **3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 14 ao 20 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1405/2015 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente número 1475/2015.

### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Obras e Servizos**

Don Augusto Rey Moreno dá conta dos seguintes asuntos:

- A obra incluída no Plan provincial de Aforro e Investimento (PAI) 2015 “Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214, tramos P.K. 4+100 ao 4+430, marxe esquerda, e do 6+100 ao 6+270, marxe dereita, Cambre”, da que foi incoado expediente de contratación por resolución 1325/2015 do 31 de xullo, do concelleiro-delegado de Economía, Facenda, Obras e Servizos, se atopa en fase de proposta de adxudicación.

- A obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) Adicional 1/2014, denominada “Rede de saneamento e pavimentación en Peirao

(Bribes), Cambre 2013” da que foi incoado expediente de contratación por resolución 1332/2015 do 3 de agosto de 2015, do concelleiro-delegado de Economía, Facenda, Obras e Servizos, se atopa e fase de proposta de adxudicación

- Por resolución 1456/2015 do 19 de agosto de 2015, do concelleiro-delegado de Economía, Facenda, Obras e Servizos, se acorda Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o proxecto da obra “Renovación de firme nas rúas Daimler e Bell. Polígono Industrial do Espiritu Santo. Cambre”, cun importe de execución por contrata de 157.128,68 euros, financiada nun 76,37 % ao abeiro do establecido na *Orde do 4 de marzo de 2015, da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B) –DOG nº 57 do 25/03/2015.* Este expediente se atopa en fase de presentación de ofertas.

- Por resolución 1454/2015 do 18 de agosto de 2015, do concelleiro-delegado de Economía, Facenda, Obras e Servizos, se acorda outorgarlle á empresa “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, contratista da obra “Mellora das redes de servizos existentes en Sigrás de Abaixo (Sigrás), Peiraio (Bribes), A Torre (San Lourenzo) e outros”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2014, unha prórroga de trinta días naturais para a súa execución, isto debido a que no derradeiro tramo da actuación xurdiron problemas físicos que están ralentizando a execución das obras, que a empresa quere rematar contando con persoal propio especializado na execución de conduccións de auga , segundo informes do director da obra e coordinador de seguridade e saúde, don Manuel Ángel Pisos Veiga, de data 13/08/2015 (rexistrado no Concello de Cambre o 14/08/15), e máis da enxeñeira técnica de obras públicas municipal –responsable do contrato, coa data do 18 de agosto de 2015, quedando , pois, establecida como data de remate da obra o vindeiro día 17 de setembro de 2015.

### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes 11 a peña ciclista Monte Xalo entregou na Despensa de alimentos municipal os alimentos recadados no III Paseo Ciclista Senda do Mero-Cambre, celebrado o pasado 20 de xuño. A doazón consistiu en 45 kg de alimentos non perecedeiros.

- O xoves o sr. alcalde e a concelleira de Deportes fixeron visita a diversos locais municipais.

- O sábado 15 tivo lugar a XXVI carreira popular concello de Cambre, cunha participación de máis de 800 persoas.



- O sábado 15 tiveron lugar as finais da Copa de Cambre de fútbol no campo Dani Mallo, cos seguintes resultados:

Campión xuvenil	11 Caballeros
Campión modestos	Brexo Lema
Campión veteranos	11 Caballeros

O partido de veteranos xogouse o domingo 16 e ganou o 11 Caballeros.

- O xoves 20 recepcionáronse as obras da piscina da Barcala. Asistiron técnicos do Concello e técnica da Deputación.

- O xoves 20 o veciño de Cambre e piloto de ralis Iván Ares, presentou o novo coche co que correrá o Campionato de España. Asiste ao acto a concelleira de Deportes.

- O venres 21 recibíuse no salón de Plenos do Concello á deportista Irene Ferreiro, veciña de Cambre, que ven de gañar a medalla de ouro en aparatos en ximnasia artística, no campionato de España celebrado o pasado xullo en Cáceres.

- O sábado 22 tivo lugar no pabellón Sofía Toro o XV torneo de xadrez. Partidas semirápidas na categoría absoluta, en horario de mañá e tarde. Asiste a concelleira de Deportes pola mañá, e á entrega de premios.

- O sábado 22 tivo lugar en Lendoiro Cecebre, o IV torneo de Tiro con Arco de Cambre. En horario de mañá e tarde, 3 modalidades de tiro: arco tradicional, arco olímpico e arco de poleas. Asiste a concelleira de Deportes pola mañá e á entrega de trofeos.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Benestar Social e Educación**

Don Jesús Bao Bouzas dá conta dos seguintes asuntos:

- Acompañado por un técnico municipal do departamento de Servizos Sociais, asistirá ao seminario "Conciliación e corresponsabilidade. Debuxando o modelo social", organizado polo Instituto da Muller dentro do proxecto "Equilibrio balance". O seminario terá lugar en Madrid os días 1 e 2 de setembro.

- O pasado xoves remitiuse ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar Social a proposta de liquidación practicada polo interventor respecto da escola infantil da Galiña Azul da Barcala, ante a discrepancia presentada como consecuencia da interpretación do convenio suscrito entre o Concello de Cambre e a citada entidade.

- Nos vindeiros días solicitarán o uso das instalacións do Pazo de Mariñán, coa intención de celebrar unhas xornadas de convivencia do voluntariado. Debaterán sobre a situación actual do voluntariado, as súas perspectivas e a proxección de cara ao futuro, así como a visibilización das súas iniciativas. As datas que se estudan na actualidade son o último fin de semana de setembro ou o segundo fin de semana de outubro.



- O vindeiro martes, día 26, convocarase a mesa de contratación onde se levará a proposta de adjudicación do programa mañanceiro. Recoñecer a receptividade, dilixencia e sensibilidade dende a concellería e persoal técnico da área de contratación á hora de tramitar o citado procedemento.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta do seguinte asunto:

- a empresa Brétema adjudicataria do servizo de desenvolvemento do programa "as novas tecnoloxías máis cerca" presentou un escrito no que renuncia a continuar prestando o citado servizo.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta do seguinte asunto:

- Esta semana entraron a roubar no depósito de gas da Barcala, forzaron a porta e levaron extintores e outro material de valor. No lugar presentáronse a concelleira que dá conta e o concelleiro don Ramón Boga Moscoso, así como persoal directivo de Repsol, que se comprometeu a colaborar co Concello en mellorar a seguridade da zona a dificultar a accesibilidade aos depósitos (poñendo unha rede metálica, instalando cámaras de seguridade, etc...). Pola súa banda, o Concello cortará as tuias existentes para dotar a zona dunha maior visibilidade. Engade que en ningún momento existiu risco de escape de gas.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Sanidade**

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- Resolución número 1452/2015, do 18 de agosto do ano que andamos, pola que se concede á funcionaria dona Maria Teresa Morís Novo o cambio solicitado no sentido de dedicar o 100% das súas funcións a tarefas administrativas de asistencia á bibliotecaria-arquiveira.

- Resolución número 1453/2015, do 18 de agosto do ano que andamos, pola que se aproba a convocatoria e as bases para a selección interina dun auxiliar de museo durante o dereito de reserva do posto do titular.

- Resolución número 1478/2015, do 21 de agosto do ano que andamos, pola que se concede a situación de excedencia voluntaria a dona Leticia Balado Fariña.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e vinte minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Augusto Rey Moreno

Verónica Maria Otero López